

WILLIAM SHAKESPEARE

VIDA E TRAXECTORIA

Moitos son os puntos escuros na biografía de Shakespeare. Fillo de John (próspero comerciante) e de Mary (filla dun rico terratenente) naceu en Strafford-upon-Avon en 1564. Fixo estudos na escola da súa cidade natal e segundo o seu contemporáneo Ben Jonson sabía 'pouco latín e menos grego'. Non foi á Universidade e seu pai colocouno de aprendiz de carnicero. Casou aos dezaoito anos e tivo varios fillos. Dez anos máis tarde colleita os seus primeiros éxitos como actor e autor en Londres.

Debeu pertencer a varias compañías, antes de entrar na dos Lord Chamberlein's Men. A partir de entón comeza o seu éxito e a súa fortuna. Entón pasa a posuír a súa propia compañía, que se instala no Teatro do Globo a partir de 1599.

Naaqueles anos, partindo dos xéneros usuais do 'teatro isabelino' vai enriquecendo a súa arte en máis dunha ducia de obras de diverso tipo, con predominio de pezas históricas e da comedia (*O soño da noite de San Xoán*). Ata 1600 na súa produción domina o ton risoño, coa excepción de *Romeo e Xulieta*.

A partir de 1600 a súa obra faise máis grave. Veñen as chamadas comedias sombrías á vez que *Julio César* ou *Hamlet* preludian a época das grandes traxedias: *Otelo*, *O Rei Lear*, *Macbeth*. Quizais este período se deba a amarguras persoais ou a algunha fonda crise, pero nada sabemos da súa vida íntima. Tamén pode ser que esta evolución se deba ao cambio de reinado (con Xacobo I chegaron tempos difíciles) ou simplemente que Shakespeare chegara á súa madurez e sentírase capaz de emprender as máis altas empresas dramáticas.

En 1608 remata a súa etapa sombría e volve á comedia, ao final feliz. As súas últimas obras respiran unha grandiosa serenidade e unha paz superior que culmina con *A tempestade* (1611).

Shakespeare retírase entón e pasa os seus últimos anos na súa cidade natal onde lle chega a morte o 23 de abril de 1616 (o mesmo día que morre Cervantes)

OBRA

POESÍA

Os extraordinarios logros de Shakespeare no teatro non deben facernos esquecer que ademais é un dos máis destacados poetas da lingua inglesa. Moi valioso é o seu poema de tema mitolóxico *Venus e Adonis*, pero son os seus *Sonetos* os que o sitúan nun lugar eminente na historia universal da lírica amorosa.

O TEATRO

As trinta e sete obras que conforman a produción dramática de Shakespeare constitúen, tal vez, o legado máis impresionante das letras inglesas. Caracterízase por:

- **estilo**: dominio extraordinario da lingua inglesa, abrangendo desde expresións cultas á pura fala popular.

- **emoción**: gran habilidade para captar as emocións do público, de maneira que non pode permanecer indiferente ás palabras dos sedus logrados personaxes.

- **personaxes universais**: encarnan as paixóns máis arrebatadoras, elevando os seus personaxes ata esa categoría. Resultan extraordinariamente humanos.

- **personaxe cómico**: clown (bufón), como contrapunto dos personaxes máis graves. Este personaxe intensifica a tensión dramática cun ton irónico e en ocasións alcanza unha auténtica fondura filosófica, un humor amargo.

- **sistema dramático**: desborda totalmente os moldes e regras da arte clásica (só mantén os cinco actos do teatro clásico)

Comedias

O enredo de raíz clásica -Plauto, Terencio- e Italia foron o punto de partida para a elaboración das comedias de Shakespeare. Os elementos máis característicos – os malentendidos, o disfrace, as intrigas de xiros inesperados...- conforman a base destas obras.

Nelas o autor estuda todas as clases sociais, polo que constitúen un bo reflexo da sociedade. Os seus personaxes aparecen completamente individualizados. Aínda que predomina o ton burlesco, algunhas delas tínxense de gravidade e de melancolía.

A doma da furia (la fierecilla domada), *O soño da noite de San Xoán* (unha das cimas da comedia fantástica), *A comedia das equivocacións* (baseada en Plauto) *As alegres casadas de Windor*; *O mercader de Venecia*; *A tempestade*; *Os dous fidalgos de Verona*...son algunhas das comedias máis coñecidas de Shakespeare.

Dramas históricos

Unha das fontes principais no desenvolvemento do teatro isabelino foi a propia historia de Inglaterra. O pobo inglés, que vivía co reinado de Isabel I unha relativa situación de paz, reclamaba afondar no pasado cruento e belicoso do seu país. Atendendo esta demanda, Shakespeare escribiu dez pezas históricas, entre dramas e traxedias: *Enrique VI*; *Ricardo III*; *Ricardo II*...

Nelas repásanse varios séculos da historia inglesa. O interese destas obras non radica nas circunstancias ou episodios concretos do pasado, senón na paixón con que se presentan as ambicións humanas, relacionadas neste caso co poder.

Obras romanas

Os manexos de poder da historia de Roma tamén foron tratados por Shakespeare. Tamén neste caso o autor supera o puramente histórico para atender os conflitos interiores dos personaxes. A tiranía, a xustiza, o deber patriótico... son temas sobre os que reflexiona o autor nestas obras, nalgúns casos sacudidas pola violencia: *Tito Andrónico*; *Xulio César*; *Antonio e Cleopatra*...

As grandes traxedias

É na traxedia onde máis destacou Shakespeare. Son innumerables as versións e adaptacións que as súas grandes traxedias tiveron nos escenarios, e no último século foron a base para numerosísimas obras cinematográficas.

Agás *Romeo e Xulieta*, todas foron escritas na primeira década do s. XVII. Nelas soe combinar o verso e a prosa, e na súa linguaxe caben desde a expresión máis exquisitas ata o rexistro máis familiar, inzado de crueza e exabruptos.

Romeo e Xulieta (1597)

Baseada nunha historia italiana, *Romeo e Xulieta* son os respectivos fillos de dúas familias irreconciliablemente enemistadas, os Montesco e os Capuleto. Os protagonistas, amantes por encima da implacable enemistade entre as súas familias, traspasaron todas as épocas como modelo dun amor xuvenil que salta por riba de convencións e barreiras e sucumbe como consecuencia delas.

Otelo (1604)

Baseada nunha historia italiana, desenvolve o tema do poder destrutivo dos celos. Otelo, recién casado con Desdémona, é enviado a Chipre como novo embaixador veneciano. Alí se traslada coa súa esposa e algúns oficiais ao seu cargo. Entre eles está Iago, quen sembra en Otelo a sospeita da infidelidade da súa esposa, que é inocente e allea ás manipulacións que contra eles se traman.

O protagonista, vítima duns celos irrefreables e da confianza depositada en Iago, presta oídos ás acusacións contra Desdémona e desencadea a traxedia. Morta Desdémona a mans do seu esposo, descóbrese a trama escura e Otelo quítase a vida.

Fronte á compaixón que despertan Desdémona e, en certa medida Otelo, destaca a configuración do personaxe de Iago, que pasou á historia como símbolo da manipulación diabólica.

El-rei Lear (1604-1605)

Partindo dunha antiga lenda céltica, probablemente sexa a traxedia de maior alcance moral xa que nela se dirimen as grandes forzas que moven o mundo: O Ben e o Mal.

Lear, no reparto do seu reino comete unha gran inxustiza con Cordelia, a menor das tres fillas, ao desherdala.. No desenrolo da obra asistimos á ingratidade das dúas fillas favorecidas e á fidelidade amorosa da filla prexudicada que, apesar do seu desprendimento e xenerosidade, é incapaz de rescatar ao pai do desenlace trágico. O progresivo deterioro de El-rei , que desemboca na loucura, prodúcese nun ambiente arrepiante dunha natureza desoladora, que acompaña coa forza dos seus elementos a desgraza do ancián.

Especial interese ten o personaxe do bufón que, desde a súa posición de louco profesional, é capaz de proferir as máis profundas verdades cunha linguaxe estraña cercana ao surrealismo.

Macbeth (1606)

Baseada nun suceso da historia de Escocia do s. XI, trata como tema principal a ambición desmedida e as súas consecuencias nefastas. Macbeth, servidor e primo de El-rei Duncan, concibe a través dunhas profecías a posibilidade de chegar a reinar algún día. Instigado pola súa esposa, Lady Macbeth, asasina a Duncan, a quen debe lealdade e gratitude, e comeza unha espiral de arrepiantes crimes para asegurar que nada se opoñerá ás súas ambicións. Ligados ao tema da ambición, aparecen os temas da traición e da deslealdade.

Os plans de Macbeth trúncanse cando malinterpreta as novas profecías e é aniquilado por personaxes desentos de vinganza e de xustiza.

Valor do teatro shakesperiano

Shakespeare logrou transformar e marcar co seu potente xenio os xéneros e materias que tocou.

Alzou a unha insuperable dignidade os xéneros populares que tiñan moito de convencional. Os asuntos das súas obras non son, en principio, orixinais pero el deulles unha profundidade e un sentido novos, universais.

O seu fondo coñecemento do corazón humano permitiulle pulsar as cordas máis variadas da emoción e conectar coa diversa sensibilidade do máis amplo público, en todos os tempos e lugares.

Pero, por riba de todo Shakespeare é o gran creador de prototipos universais dunha paixón ou dun carácter. (a Otelo sempre o relacionaremos cos celos; a Macbeth coa ambición; a Hamlet coa dúbida; a Romeo e Xulieta co amor xuvenil desgrazado...). Mais á vez son persoas vivas, de carne e óso. E isto esténdese tamén aos personaxes secundarios.

HAMLET

FONTES

A traxedia de Hamlet, príncipe de Dinamarca (composta cara 1601) baséase nunha lenda nórdica transmitida por vellas crónicas e sagas, recollida no s. XII polo cronista danés Saxo Grammaticus. Salvo un final feliz para o protagonista, a crónica orixinaria xa contiña a maioría dos elementos básicos da traxedia shakesperiana. E hai referencias dun Hamlet non conservado atribuído a Thomas Kyd.

TEMAS

A obra ten como tema principal a **dúbida paralizadora** que suscita no ser humano o debate entre acción e reflexión. Hamlet, obrigado por amor filial e por honor a vingar a morte de seu pai, rei de Dinamarca, a mans do seu tío, usurpador do trono, séntese incapaz de actuar, paralizado polo peso dunha acción tan decisiva. Neste senso, a obra supón unha profunda reflexión sobre as implicacións morais do asasinato.

Desenvólvense igualmente temas como o **da vinganza**, que afecta tanto a Hamlet como a Laertes; **a loucura**, que no protagonista é finxida e en Ofelia, real; **o incesto**, protagonizado pola raíña Xertrude ao desposarse co seu cuñado (asasino de El-rei difunto) . Pero a riqueza temática de Hamlet abrangue un amplo campo no que se exploran tamén **os conflitos existenciais**, a **traizón**, a **usurpación do poder**, **o azar**, etc...

En definitiva, na obra desátanse e enlázanse tremendas forzas opostas: lealdade e deslealdade, fidelidade e traizón, amor e odio. E todo isto ás veces nun mesmo personaxe, orixinando desgarradoras contradicións.

PERSONAXES

Hamlet

Partindo da figura do vengador, Shakespeare constrúe un personaxe dunha complexidade insospeitada. A súa indecisión é o centro da obra. A súa demora en vengarse é o que fundamenta este drama.

As dúbidas de Hamlet están presentes case desde o principio e fanse especialmente intensas nalgúns momentos: no final do acto II; no celeberrimo monólogo do acto III ('to be or not to be'), noutras escenas dos actos III e IV.

O talante mediativo de Hamlet explica as dimensións que dá ao seu problema. O descub rimento do crime lévao a sentirse nun mundo 'podre', dominado pola mentira, a perfidia e a ambición. A súa misión conleva algo máis que desenmascarar aos infames: trátase de restablecer unha orde descomposta.

Todo isto desencadea en Hamlet unha crise profunda. Todo se lle derrumba: perde a fe no home, perde o apego á vida, ata o amor chega a perder sentido.

Estes sentimentos canalízanse na súa finxida loucura.. En principio é un recurso encamiñado a facilitar os seus plans de vinganza, pero pronto se converte nun elemento capital da construción dramática, que fai posible a expresión máis amarga e agresiva do seu pensamento desengañado.

Outros personaxes

A nai, **Xertrude**, e o **novo rei**, Claudio son os responsables do crime e, por tanto, desencadeantes da traxedia. Ela representa a infidelidade. Claudio encarna a ambición e a perfidia, capaz de todo para eliminar os obstáculos ou as ameazas.

Ofelia, coa súa delicadeza, a súa dozura, o seu lirismo... é o personaxe puro por excelencia. É a encarnación do amor, e será vítima, aínda que a súa morte dará un pulo decisivo ás forzas que conducen á catástrofe.

Laertes é o fillo fiel e o irmán a quen o destino outorga tamén o papel de vengador. De carácter fogoso e cegado pola dor, será arrastrado á complicidade co rei. A súa nobreza cegará demasiado tarde.

De menor relevo son outros personaxes: **Horacio**, o fiel amigo; os arteiros **Rosencrantz e Guildenstern**; os involvidables **sepultureiros**; **Polonio**, que introduce o contrapunto cómico; **Fortimbrás**...

A FILOSOFÍA DE HAMLET

Eis as ideas principais:

- o mundo é un caos sen sentido, dominado polas paixóns e os enganos
- os homes intentan ser felices en van; son xoguetes da Natureza arrastrados polas forzas que os desbordan.
- O tempo destrúe todo ao seu paso: beleza, afectos...E así a vida está marcada pola caducidade e a inconsistencia.
- A morte – omnipresente en toda a obra- sería desexable, pero o máis alá parece terriblemente incerto.

Esta concepción da vida non se lle pode atribuír a Shakespeare; son as ideas do seu protagonista, elementos integrantes da atmosfera dramática da obra..

Hamlet é o prototipo de drama de ideas, que aparecen encarnadas nos personaxes e na acción.

Unha obra de acción densa como veremos no esquema do desenvolvemento da obra.

ESTRUTURA

A división en actos e escenas non se debe a Shakespeare, senón aos seus editores. Mostramos a seguir os momentos claves da acción

Acto I Corresponde fielmente coa introdución (planteamiento).

- Aspecto central é a aparición da Sombra do pai e a revelación do seu asasinato.
- Outros aspectos son a voda da nai e de Claudio, a cuestión de Noruega (Fortimbrás), pero destaca o tema do amor de Hamlet e Ofelia.

Acto II É, en certo modo, unha ponte entre o I e o III

- O elemento dominante é a loucura de Hamlet.
- Coa aparición dos comediantes, prepárase a representación teatral que ocupará un posto esencial do acto III.

Acto III Constitúe, en boa medida, o clímax

- O seu centro é a representación teatral: a reacción de El-rei confirma a súa culpabilidade.
- Outro momento clave é o diálogo de Hamlet coa súa nai. Hamlet mata a Polonio crendo que era Claudio.
- O famoso monólogo; o diálogo entre Hamlet e Ofelia; a ocasión desaproveitada da vinganza...

Acto IV Tamén se pode considerar un acto ponte entre o III e o IV. Hai, en certo modo, unha atenuación da tensión (anticlímax)

- Asistimos, sobre todo, ás secuelas da morte de Polonio: desterro de Hamlet, etc...
- Pasa a primeiro termo a loucura e morte de Ofelia coa consecuencia da furia de Laertes

Acto V Desenlace ou catástrofe

- Tras o regreso de Hamlet e o enterro de Ofelia, precipítase a acción cara o seu final. Conflén en escena todas as forzas que se foran desatando.

Observacións:

- ◆ Insistir na **densidade da acción**. Sucédense as peripecias, lances, xiros inesperados...
- ◆ O **encadeamento das accións**. Anúncianse ou prepáranse accións que se cumprirán nunha escena ou acto posterior (ex: encadeamento entre a morte de Polonio, a loucura de Ofelia, a furia de Laertes...)
- ◆ A **arte do suspense**. Shakespeare domina todos os recursos capaces de intrigar e inquietar o espectador.

RUPTURA DAS UNIDADES CLÁSICAS

- A **unidade de acción** non se mantén, xa que hai accións secundarias aínda que subordinadas á principal (a dúbida de Hamlet ante a vinganza)
- Non hai **unidade de espazo**. Alternan espazos interiores e exteriores, e dentro do mesmo castelo de Elsinor pasamos dunhas estancias a outras con rapidez, con liberdade.
- Despreocupación pola **unidade de tempo**. O transcurso é impreciso. Ao autor interésalle máis o encadeamento das accións que o exacto desenvolvemento cronolóxico. Mentras algunhas accións se desenvolven con aparente rapidez, outros personaxes fan longas viaxes e mesmo hai unha guerra en Polonia.

OUTROS TRAZOS DA TRAXEDIA SHAKESPERIANA

Se, en moitos aspectos Shakespeare sáese dos moldes da traxedia clásica, noutros a súa obra responde ás máis puras raíces.

- O **destino ou a fatalidade** (presente nos gregos e nos romanos) ten un peso abafador na obra. ' O destino chámame a voces' di Hamlet no acto I. Destacamos tamén o papel que desempeñan os *augurios funestos* (desde o principio) e outros presaxios da catástrofe. Tamén os anguriosos presentimentos de Hamlet perto do final (acto V, escena 3)
- Achamos ademais o característico **pathos** trágico: o fondo patetismo e o sufrimento que marca o mundo de Hamlet. Shakespeare non retrocedía ante que se chamaban 'excesos' teatrais (por ex: a acumulación de mortes). O teatro isabelino orientábase a sacudir a sensibilidade dun público afeito a espectáculos fortes e truculentos, á violencia e ao sangue.
- A **presenza do sobrenatural** ou marabilloso. (O papel da Sombra ou espectro de El-rei asasinado).

- En oposición coa perspectiva clásica está a presenza de **elementos cómicos**, contrapunto da acción trágica. Vémolo en personaxes como Polonio ou os dous sepultureiros ('clowns'). Pero onde esta veta humorística cobra unha dimensión asombrosa é precisamente na loucura de Hamlet, na que se dá entrada ao *humor amargo*.

ARTE E ESTILO

- Nos **diálogos** apréciase a **variedade de rexistros** que Shakespeare utiliza (desbordando outro ideal clásico: a unidade de estilo). A linguaxe máis solemne alterna coa familiar e ata co exabrupto.
- **Variedade de tons** que se observa na expresión dos sentimentos, desde a máxima intensidade (en certas manifestacións de odio) ata a maior delicadeza (Ofelia, por exemplo).
- **A arte do monólogo.** Os monólogos aparecen situados certoiramente no desenvolvemento dramático. Á parte do soliloquio de El-rei (Acto III, escena 3) destacamos especialmente os varios monólogos de Hamlet (o do acto III – 'ser ou non ser...' - é un dos grandes momentos da dramaturxia universal).
- **A profundidade do pensamento.** Tense dito que Hamlet é a obra que máis citas leva proporcionado aos ingleses: frases lapidarias, aforismos...
- **A beleza da expresión.** O lirismo está omnipresente, as imaxes son deslumbrantes, demostrando Shakespeare o gran poeta que é.